

BOSQUE RIDIMOAS E COCIDO EN PAZOS DE ARENTEIRO

24 FEBREIRO 2024

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org



Ridimoas naceu grazas a concesión dun premio. Era o ano 1988 e o galardón do Ano Europeo do Medio Ambiente foi para un proxecto que se desenrolaba en terras de O Ribeiro. Con aquelas 500.000 pesetas de fai 34 anos nacia a Asociación Cultural-Ecolóxica Ridimoas, a dona do bosque do mesmo nome que se estende polos municipios de **Beade** —principalmente— e **Leiro**. O proxecto tomou o nome do lugar onde está ubicada a primeira parcela que foi adquirida.


Esa é a data de referencia, aínda que todo comezou anos antes. Concretamente en 1977 e por iniciativa do profesor da Universidad Laboral de Ourense **Pablo Rodríguez Fernández, Oitaben**. Foi enton cando puxo en marcha, como actividade extraescolar, a Aula Verde para sensibilizar aos alumnos na conservación da natureza, especialmente na rehabilitación da fauna silvestre, sobre todo das aves rapaces. Tralos primeiros anos constatouse que a mellor maneira de conseguir os obxetivos que perseguían era aumentar o espazo vital, restaurando os montes que estaban sufrindo o efecto devastador dos incendios forestais.

Na actualidade **Ridimoas** é un bosque que se estende ao longo de 500 hectáreas cuxos propietarios son os 1.187 socios con os que contaba a entidade a 31 de decembro do 2021. O próximo 26 de marzo celebrarase a assemblea anual da asociación que preside Pablo Rodríguez, Oitabén e entre as iniciativas desenroladas no pasado exercicio destacan aspectos como a ampliación do territorio do bosque na zona do cauce do Barbaña (Leiro) e o acondicionamento do muiño existente no entorno, a plantación de centeo e chicharos para dar comida as aves granívoras, o avistamento de exemplares do lagarto verdinegro e a colocación de refuxios para morcegos.

Ridimoas ofrece a posibilidade de desfrutar dun bosque de transición entre as rexions florais eurosiberiana e mediterránea, con un clima oceánico-mediterráneo, e en altitudes comprendidas entre os 80 e os 300 metros. Recorrer o lugar é unha opción para calqueira que desexe acercarse a un espazo natural único e pódese visitar libremente, seguir a sinalización instalada para orientar as personas que se adentren en el mesmo ou solicitar unha visita guiada.

A flora e a fauna de Ridimoas son o seu verdadeiro atractivo e o traballo realizado nestos anos permitiu recuperar e salvar da desaparición exemplares ameazados polas prácticas agrícolas, os incendios ou os cazadores.

Entre outros espazos singulares destaca o miradoiro da parte alta do bosque. Ubicado na zona por onde discorre o antigo Camiño Real, por onde pasaban os arrieiros que facían o traxecto entre O Ribeiro e Pontevedra, dende o mesmo divísanse espazos como Pena Corneira ou a Serra do Faro. Tamén encóntrase situado no bosque o conxunto de rochas e goridas subterráneas que alberga unha poboación de teixugos (tejones), unha gran carballeira —na zona de Beade— de máis de un kilómetro de extensión no entorno do vello camiño que unía o pobo con As Regas, en Leiro, o entorno do muiño que se está a recuperar no cauce de A Barbaña —coñecido coma o Regato de Caldelas na zona de Beade—. No referido á botánica, destacan no bosque de **Ridimoas** o «acereiro» —*prunus lusitania* ou laurel de Portugal— e a «cerdeira de acios» —*prunus padus* o cerdeira de racimo—, da que hai poucas en Galicia. Como cada ano, o bosque incorpora novas árbores ou arbustos en función das altas de socios. Cuarenta e oito no 2021.



DATOS BÁSICOS	
COMEZO:	Igrexa de Beade
REMATE:	Igrexa de Beade
DISTANCIA LINEAL:	de 3 a 9 km
DURACIÓN APROXIMADA:	2-3 horas
DIFICULTADE:	Fácil
DESNIVEL POSITIVO:	268 m
DESNIVEL NEGATIVO:	268 m

PRÓXIMA RUTA:
VAL DE VIMIANZO
16 de MARZO